

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez e don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asisten don Vicente Gómez García, do Grupo Socialista.

A deputada do Grupo Socialista, dona Isabel Gil Álvarez, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día (para asistir ao pleno do concello do que é concelleira) e non regresou.

A deputada do Grupo Popular, dona Montserrat Lama Nóvoa, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto catorce da orde do día e non regresou.

O deputado do Grupo Popular, don Antonio Montero Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto catorce da orde do día e regresou cando se trataba o punto 15A.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Antes do inicio do tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, o Sr. presidente manifesta que debido a un erro de transcripción na confección da orde do día do Pleno. omitiuse o punto relativo ás mocións que poidan ser declaradas de urxencia. O dito punto situaríase no 15º lugar da orde do día, para que as mocións presentadas antes do inicio da celebración do pleno poidan ser sometidas a votación.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2016.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de febreiro de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e a acta da sesión anterior é aprobada co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7).

2º.- MODIFICACIÓN N.º 1/2016 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO PARA O EXERCICIO 2015.-

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2015, mediante a creación dun novo posto, coa súa correspondente praza, de interventor – asesor no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, coas

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

mesmas características do posto de idéntica denominación xa existente (engadindo a previsión específica de que pode ser asignado a funcionarios da subescala de Intervención - Tesourería en caso de cesamento en postos de libre designación), e que son as seguintes:

Denominación: Interventor Asesor,

Categoría profesional: Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Intervención - Tesourería. Grupo A1.

Nivel 29.

Carácter: Posto non singularizado.

Forma de provisión: Concurso ordinario / unitario, segundo a normativa específica de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional. Posto susceptible de asignación a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala indicada en caso de cesamento en postos de libre designación.

2º) Someter a modificación inicialmente aprobada ao trámite de información pública por termo de vinte días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

3º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE ACCESO ÁS SESIÓNS PLENARIAS

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

1º) Modificar o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, engadindo tres novos apartados – e), f) e g) – no artigo 4, co seguinte contido:

e) Normas sobre acceso do público ás sesións plenarias:

O aforo máximo actual na zona de público establécese en corenta e cinco persoas.

Coa finalidade de garantir o normal funcionamento das sesións plenarias, a distribución das prazas para reservar seguirá os seguintes criterios:

- Dez prazas serán de libre acceso ao público, asignándose por orde de presentación da solicitude, realizada por vía telemática ou a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense, debendo presentarse a solicitude cando menos vinte e catro horas antes da celebración da sesión para a que se solicita.

- Dúas prazas a disposición da Presidencia para invitacións institucionais.

- Tres prazas a disposición do Pleno, para persoal ao seu servizo ou por necesidades no seu desenvolvemento.

- Trinta prazas a disposición dos diferentes grupos políticos, distribuídas proporcionalmente de acordo co seu grao de representación institucional.

De non cubrirse a totalidade das prazas reservadas, e existindo solicitudes sen poder ser atendidas, procederase a atendelas por rigorosa orde de presentación no Rexistro Xeral.

A reserva de prazas para os grupos políticos, deberá realizarse por vía telemática, a través do Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Ourense, cunha antelación mínima de vinte e catro horas respecto da sesión plenaria.

f) Normas de cortesía no desenvolvemento da sesión:

1. As persoas do público que asistan ás sesións do Pleno deberán:

a) Gardar silencio.

b) Absterse de realizar manifestacións de aprobación ou desaprobación, perturbar a orde ou faltar á debida compostura.

c) Comunicarse no salón de Plenos con ningún deputado ou deputada.

d) Os invitados deben absterse de portar pancartas, estandartes, ou emblemas que non respecten o establecido no apartado b).

2.- Cada grupo político informará aos seus invitados respecto á orde dentro do salón de plenos e farase responsable do cumprimento do apartado anterior por parte dos

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

seus invitados, así como de calquera comportamento que puidera resultar inadecuado por parte destes.

3.- O presidente tomará as medidas necesarias respecto das persoas do público que perturben o normal funcionamento da sesión, podendo, ademais, decretar a súa expulsión no acto.

4.- En sesións especiais ou extraordinarias, o número de invitacións pode verse reducido por necesidades de espazo para a atención de compromisos protocolarios, o que se anunciará con antelación suficiente pola Presidencia.

g) Normas sobre participación da veciñanza no Pleno:

Nos plenos de carácter ordinario, unha vez concluída a sesión, o Presidente pode establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público existente sobre temas concretos de interese provincial, trala solicitude previa dos interesados formulada nos termos sinalados nos parágrafos seguintes.

O número total máximo de rogos e preguntas que se admitirá en cada sesión será de cinco.

As persoas que desexen intervir na quenda, deberán solicitarllo por escrito ao Presidente con cinco días hábiles de antelación á celebración da sesión do pleno correspondente, expresando na solicitude o rogo ou pregunta que desexan formular.

O rogo ou pregunta debe ter sempre por obxecto directo unha cuestión relativa ás competencias da Deputación Provincial, e deberá formularse con brevidade, concisión e claridade.

Concluído o prazo de presentación de peticións para cada sesión ordinaria, a Presidencia ditará resolución, que se lles notificará aos interesados, na que se declarará a admisión ou non dos rogos e preguntas formulados. A non admisión poderá acordarse nos supostos nos que o rogo ou pregunta carezan de concreción ou non teñan relación directa cun asunto de competencia provincial.

Os rogos e preguntas deberán ser formulados ante o pleno con brevidade, axustándose ao solicitado previamente por escrito. En ningún caso se poderá suscitar debate ao respecto nin á intervención dos diferentes grupos políticos, limitándose o seu tratamento á súa formulación e á resposta da Presidencia.

O contido destas intervencións reflectirase mediante dilixencia na acta da sesión.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

2º) Someter a información pública o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, por prazo de trinta días hábiles, durante o que calquera persoa interesada poderá formular as reclamación e suxestións que estime oportunas. No caso de non formularse alegacións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. No caso de formularse, as alegacións deberán ser obxecto de resolución expresa e motivada polo Pleno.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEFENSA DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE RÉXIME COMÚN.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“As deputacións provinciais, como gobernos locais intermedios, foron quen de impulsar desde o comezo da democracia a mellora xeral dos nosos municipios para desenvolver as súas competencias e prestar máis e mellores servizos. Provincias e municipios, concellos e deputacións, integran unha mesma comunidade política local e comparten os mesmos intereses, onde non hai unha relación xerárquica, senón de paridade institucional. Ao longo de todos estes anos, as deputacións veñen de garantir a permanente asistencia, cooperación xurídica, económica, técnica e de asesoramento aos municipios, facilitando o seu adecuado funcionamento, especialmente nas zonas rurais. As deputacións fan un labor básico de coordinación e auxilio aos pequenos e medianos municipios, de prestación de servizos de primeira necesidade que non poderían proporcionar moitos municipios por si sos. Nove de cada dez concellos en España abaratan o custo dos seus servizos a través das deputacións. As deputacións provinciais son imprescindibles para dar cumprimento ao artigo 139 da Constitución, que garante que "todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado". A supresión dos órganos provinciais convertería en cidadáns de segunda división a millóns de españois que viven no medio rural -130.000 na provincia de Ourense-, na súa meirande parte en pequenos pobos, aos que non se lles poden negar os mesmos dereitos, oportunidades e obrigas que ao resto de cidadáns. As deputacións provinciais son verdadeiras administracións territoriais con competencias propias e con autonomía para xestionar os seus intereses, tal e como

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

recoñece a Constitución. Por iso son un elemento clave para a vertebración nacional, razón pola que a súa eliminación é unha pretensión constante das formacións políticas nacionalistas. A súa supresión requiriría o traspaso das súas funcións a outras administracións públicas, en xeral máis afastadas dos municipios, menos coñecedoras da realidade municipal e das necesidades de prestacións de servizos por parte dos concellos.

ACORDO: *1.- Reivindicar o papel fundamental das deputacións, a quen constitucionalmente lles corresponde o Goberno e administración autónoma das provincias, como vertebradoras do territorio e cooperadoras cos concellos, mediante asistencia económica, técnica e xurídica. 2.- Continuar co proceso de modernización administrativa para gañar en eficiencia, contar cun Novo marco de financiamento e reformar a lei electoral para a elección directa dos integrantes da corporación provincial, reiterando o acordo unánime deste pleno do debate sobre o estado da provincia de 2014.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Socialista, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción presentada e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Reivindicar o papel fundamental das deputacións, a quen constitucionalmente lles corresponde o goberno e administración autónoma das provincias, como vertebradoras do territorio e cooperadoras cos concellos, mediante asistencia económica, técnica e xurídica.

2º.- Continuar co proceso de modernización administrativa para gañar en eficiencia, contar nun novo marco de financiamento e reformar a lei electoral para a elección directa dos integrantes da corporación provincial, reiterando o acordo unánime deste pleno do debate sobre o estado da provincia de 2014.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DAS FACULTADES DO CONCELLO DE PIÑOR EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CANON DA XUNTA.-

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Piñor ten atribuídas en materia de materia de recadación da taxa pola subministración de auga e canon da Xunta, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 25 de febreiro de 2016. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2016.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou, no día da data, unha emenda a este expediente e cédelle a palabra á Sra. interventora para que expoña o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), a abstención dos deputados de

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Democracia Ourenseana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación o expediente de modificación de créditos e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6) de Democracia Ourenseana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---------------|--|--------------|
| 433.00/489.01 | Outras transferencias. Desenvolvemento empresarial | 200.000,00 € |
| 241.12/481.05 | Becas Ourense Lider. Fomento do emprego | 103.000,00 € |

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---------------|---|--------------|
| 320.00/650.13 | Programa Educou. Administración Xeral de Educación | 300.000,00 € |
| 312.00/751.00 | A Organismos autónomo de Comunidades Autónomas. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde | 949.614,05 € |

RESUMO

| | |
|-------------------------------------|----------------|
| Suma créditos extraordinarios | 1.552.614,05 € |
|-------------------------------------|----------------|

RECURSOS UTILIZADOS

| | |
|--|-----------------------|
| Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais | 1.552.614,05 € |
|--|-----------------------|

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **312.00/751.00**. A Organismos autónomos de Comunidades Autónomas. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|-------------------------|----------------------------------|----------------|
| Servizo Galego de Saúde | Urbanización dos accesos ao CHUO | 949.614,05 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.01**. Outras transferencias. Desenvolvemento empresarial:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--|-------------------|----------------|
| Delegación de la Fundación Advanced Leadership | Misión comercial | 200.000,00 |

Con cargo á aplicación orzamentaria **241.12/481.05**. Becas Ourense Lider. Fomento do emprego:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--|---------------------------|----------------|
| Delegación de la Fundación Advanced Leadership | Becas internacionais EEUU | 103.000,00 € |

3º.- Nas bases de execución do orzamento 2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Pereiro de Aguiar para “abastecemento de auga Tapada de Bouzas- Loñoá. Visto que o Concello solicita que a dita subvención se destine á “execución da obra parque infantil e área recreativa en Loñoá”, procédese ao cambio de finalidade de subvención:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|-------------------------------|--|----------------|
| Concello de Pereiro de Aguiar | Execución da obra parque infantil e área recreativa en Loñoá | 24.637,38 € |

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

4º.- En data 29 de xaneiro de 2016, o Pleno da Corporación Provincial aprobou o expediente de modificación de créditos n.º 1/2016, detectándose con posterioridade un erro de sumatorio na folla de cálculo excel das subvencións integradas na táboa de créditos extraordinarios gasto corrente, polo que na táboa resumo, a suma dos créditos extraordinarios ascendería a 1.612.780,39 en lugar dos 1.577.780,39 euros que constan no expediente inicial.

Desta forma, a modificación correspondente ao expediente 1/2016 elévase á cifra total de 9.148.414,31 euros.

Nesta mesma modificación e con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/489.16 “Cámara de comercio de Ourense promoción do comercio” prevíase unha subvención á Cámara de Comercio para “desenvolvemento viveiros empresariais”. Visto que a Cámara de Comercio solicita que sexa ampliada a finalidade da dita subvención, procédese a dita ampliación:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|-------------------------|---|----------------|
| Cámara Comercio Ourense | Desenvolvemento do viveiro de empresas e servizos de proximidade para a pequena e mediana empresa da provincia de Ourense | 100.000,00 € |

5º.- En data 25 de setembro de 2015, o Pleno da Corporación Provincial aprobou o expediente de modificación de créditos n.º 4/2015, onde figuraba con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/789.01. “Promoción e fomento do medio rural. A familias e institucións sen fins de lucro”, unha subvención á Asociación de veciños Santa María da Rasela para “obras no centro social de A Rasela”. Visto que a dita asociación solicita que esta subvención sexa outorgada á Comunidade de Montes en man común O Sobral, procédese ao cambio de beneficiario de dita subvención:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--|------------------------------------|----------------|
| Comunidade de montes en man común O Sobral | Obras no centro social de A Rasela | 25.000,00 € |

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

6º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.-

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno do 11 de marzo de 2016 de aprobación da subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para o financiamento e execución da urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, conforme coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para a

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

execución das obras de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O orzamento máximo total da obra é dun millón trescentos sesenta mil trescentos corenta e cinco con cincuenta e tres euros (1.360.345,53 €), IVE incluído.

As obras que se executarán defínense na memoria descritiva anexa, que forma parte do presente convenio para todos os efectos. No orzamento da memoria detállanse os custes que corresponden ás obras que afectan á área de reparto (que serán financiadas pola Deputación) e as que afectan a solo urbano consolidado (que serán financiadas polo Concello de Ourense).

O importe total para aboar tanto por parte do Concello de Ourense como pola Deputación Provincial de Ourense virá determinando pola aplicación da porcentaxe de baixada na licitación sobre os importes máximos establecidos nas cláusulas cuarta e quinta.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde comprométese a:

1. Financiar a redacción do proxecto de construción para a realización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, correspondendo á Axencia Galega de Infraestruturas a súa contratación e ao Servizo Galego de Saúde a supervisión do proxecto e o seu aboamento por un importe de 10.890 euros, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 621.1.
2. Dispoñer do crédito necesario para a execución das obras en tanto non sexa achegado polas partes obrigadas.
3. Remitir á Axencia Galega de Infraestruturas o proxecto de construción dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
4. Encomendar á Axencia Galega de Infraestruturas a licitación, adxudicación, execución e dirección das obras obxecto do convenio así como o desenvolvemento de calquera actuación que sexa necesaria para a execución destas.
5. Consonte ao artigo 198.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, remitir o proxecto de urbanización dos accesos ao

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ao Concello de Ourense para a súa conformidade ou desconformidade.

6. Prestar, cando lle sexa requirido pola Axencia Galega de Infraestruturas, en calquera das fases na que se atope a execución da presente actuación, a información, axuda e colaboración técnica necesaria para desenvolver satisfactoriamente a obra de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

7. Asistir ao acto de recepción das obras que terá os efectos de entrega destas, de conformidade coa cláusula cuarta.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas comprométese a:

1. Dirixir a redacción, reformular e aprobar o proxecto de construción no que se formulen as obras e actuacións previstas no presente convenio. Previamente á aprobación do proxecto, este será remitido á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Ourense, para a prestación de conformidade por estas entidades, en tanto que cofinanciadoras da actuación. A conformidade ou desconformidade destas entidades manifestarase polos órganos competentes no prazo de cinco días hábiles dende a recepción do proxecto, entendéndose que presta a conformidade se non comunica o contrario no dito prazo. A desconformidade da Deputación e o Concello de Ourense, de ser o caso, só poderá basearse na discordancia substancial do proxecto respecto da memoria anexa ao presente convenio ou por ser contrario á legalidade vixente ou na existencia de solucións técnicas máis axeitadas e económicas para a definición e execución das obras, sempre que estas non supoñan unha diminución da calidade do proxecto.

2. Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras obxecto do convenio así como desenvolver calquera actuación que sexa necesaria para a execución destas.

3. Recibir as obras executadas. A Axencia Galega de Infraestruturas poñerá este acto en coñecemento do Concello de Ourense, mediante comunicación formal.

Con posterioridade, formalizarase a correspondente acta de entrega ao concello nun prazo máximo dun mes desde a comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, sendo a data de recepción das obras a que determina o nacemento da obriga asumida polo concello na

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

cláusula cuarta apartado cuarto deste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE OURENSE

O Concello de Ourense comprométese a:

1. Financiar a obra “Urbanización dos accesos ao CHUO” cunha achega máxima de 410.731,48 €, IVE engadido, con cargo aos orzamentos xerais do Concello de Ourense para o exercicio económico de 2016. Para estes efectos, o Concello de Ourense comprométese a realizar unha achega económica á favor da Xunta de Galicia, polo importe máximo expresado, con destino a gastos de urbanización que se realicen en solo urbano consolidado de acordo coa memoria descritiva que figura como anexo a este convenio, e sempre que se trate de actuacións urbanizadoras que queden fóra da Area de Reparto 39-E., incluídas na citada memoria descritiva.
2. Cara ao cumprimento deste compromiso, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense como órgano competente para aprobar o proxecto de orzamento do exercicio en curso, así como para a súa aprobación definitiva en caso de negativa polo Pleno da Corporación, obrígase a dotar de crédito adecuado e suficiente o orzamento do exercicio 2016, para facer fronte á súa achega económica.

Esta habilitación crediticia operará como condición suspensiva de eficacia, toda vez que non resultará esixible a obriga económica estipulada, mentres non se aproben os orzamentos para o exercicio en curso.

O importe será transferido polo Concello de Ourense ao Servizo Galego de Saúde ao número de conta ES75 0081 5363 29 0001087413 do Banco Sabadell, no momento da recepción das obras en cuestión pola Axencia Galega de Infraestruturas. Para este efecto, a Axencia Galega de Infraestruturas deberá comunicar ao Concello de Ourense o proxecto construtivo, a adxudicación do contrato de obras, e as certificacións de obras que foran expedidas e aprobadas da obra “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

Asemade, o Concello de Ourense deberá indicar como concepto do ingreso “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

No suposto de incumprimento das obrigas previstas nesta cláusula, o Servizo Galego de Saúde poderá, de conformidade coa normativa aplicable, reclamar ao Concello de Ourense os danos e perdas ocasionados derivados dos gastos en que o Servizo Galego de

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Saúde tivese incorrido na execución da obra e que o Concello se comprometeu a financiar en virtude desta cláusula.

3. Achegar ao SERGAS, unha vez asinado o convenio e no prazo máximo de 5 días, certificado do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia da posta a disposición do SERGAS, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.

4. Recibir as obras executadas no prazo máximo dun mes dende o requirimento da Xunta de Galicia, téndose por entregadas, para os exclusivos efectos do mantemento e conservación da obra, se nese prazo o concello non as dá por recibidas sen xusta causa.

5. Asumir, unha vez realizadas as obras e logo da súa recepción a través da correspondente acta, a titularidade, explotación, mantemento e conservación das obras e os seus servizos.

QUINTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a:

1. Financiar as obras cun investimento máximo de 949.614,05 € IVE engadido.

Para posibilitar a execución deste compromiso, a Deputación Provincial de Ourense obrígase a tramitar e aprobar inicialmente, no mes de marzo de 2016, o oportuno expediente de modificación de créditos orzamentarios que permita a dotación de crédito adecuado e suficiente nos seus orzamentos para a realización desta achega, xustificada en virtude do seu deber de urbanización dos terreos incluídos na área de reparto 39 E, como membro da Xunta de Compensación do dito ámbito de equidistribución.

Esta habilitación crediticia operará como condición suspensiva de eficacia, toda vez que non resultará esixible a obriga económica estipulada, mentres non se habilite a nomeada partida.

2.- Os importes serán transferidos pola Deputación Provincial de Ourense ao Servizo Galego de Saúde ao número de conta ES75 0081 5363 29 0001087413 do Banco Sabadell, no momento da recepción das obras en cuestión pola Axencia Galega de Infraestruturas. Para este efecto, a Axencia Galega de Infraestruturas deberá comunicar á Deputación de Ourense o proxecto construtivo, a adxudicación do contrato de obras, e as

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

certificacións de obras que foran expedidas e aprobadas da obra “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

Asemade, a Deputación de Ourense deberá indicar como concepto do ingreso “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

3.- No suposto en que a modificación orzamentaria non se efectúe no prazo estipulado, o Servizo Galego de Saúde poderá proceder a reclamar á Deputación de Ourense os danos e perdas ocasionados derivados dos gastos en que o Servizo Galego de Saúde tivese incorrido na execución da obra e que a Deputación se comprometeu a financiar en virtude desta cláusula.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso e cumprimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante do Servizo Galego de Saúde, un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante do Concello de Ourense.

Presidirá a Comisión de Seguimento a presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, ou persoa na que delegue. Actuará como secretario da comisión un funcionario da Axencia, designado pola presidencia.

No non disposto neste convenio, o réxime de funcionamento aplicable á Comisión será o determinado polas normas común de funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas.

As funcións da Comisión de Seguimento serán, entre outras, as seguintes:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
2. Interpretar, en caso de dúbida, e con carácter executivo, o contido do presente convenio.
3. Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
4. Aprobar a liquidación do convenio, unha vez concluída a execución e entrega das obras.

Todas as incidencias que poidan xurdir na aplicación deste convenio serán sometidas á Comisión de Seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Contra os acordos da Comisión Executiva, en caso de que poñan fin á vía administrativa, procederán as accións administrativas e legais contempladas no ordenamento xurídico.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Non terán a consideración de modificacións do convenio as modificacións do proxecto de obras de carácter técnico, aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos, sempre que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.

O incremento das achegas previstas inicialmente, correspondentes á Deputación Provincial e ao Concello de Ourense, e calquera que sexa a súa causa, requirirá a conformidade expresa destes.

Non será preciso o trámite de modificación do convenio para á súa liquidación. De existir remanentes do financiamento para a execución das obras, estes serán reintegrados á Deputación e ao Concello de Ourense, segundo corresponda.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio. A resolución do convenio será acordada pola administración pública interesada, previo o informe preceptivo da Comisión de Seguimento. Contra o acordo de resolución adoptado por calquera das partes, o resto de subscritores do convenio poderá exercer as accións administrativas ou xudiciais previstas no ordenamento xurídico.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Este convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da administración local de Galicia. No seu defecto, rexerase polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse, de acordo co artigo 10,1-g da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións. Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por cuadruplicado exemplar.

8º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISOLUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO DAS COMARCAS DO CARBALLIÑO-RIBEIRO.-

O Sr. presidente, co acordo dos grupos políticos, anuncia que se van debater conxuntamente con este punto os puntos 9º, 10º e 11º, por tratarse de asuntos iguais, aínda que se votarán por separado.

A continuación o Sr. vicesecretario dá lectura aos ditames favorables da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (6) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a disolución do Consorcio contra Incendios e de Salvamento das Comarcas do Carballiño e Ribeiro, nos termos recollidos no acordo adoptado polo pleno do Consorcio o 3 de decembro de 2015.

2º.- Remitirlle o presente acordo á Presidencia do Consorcio, para os efectos oportunos.

9º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISOLUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO DA COMARCA DA LIMIA.-

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (6) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a disolución do Consorcio contra Incendios e de Salvamento da Comarca da Limia, nos termos recollidos no acordo adoptado polo pleno do Consorcio o 23 de novembro de 2015.

2º.- Remitirlle o presente acordo á Presidencia do Consorcio, para os efectos oportunos.

10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISOLUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO DA COMARCA DE VERÍN.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (6) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a disolución do Consorcio contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Verín, nos termos recollidos no acordo adoptado polo pleno do Consorcio o 23 de novembro de 2015.

2º.- Remitirlle o presente acordo á Presidencia do Consorcio, para os efectos oportunos.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

11º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISOLUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO DA COMARCA DE VALDEORRAS.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (6) e a abstención dos deputados de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a disolución do Consorcio contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Valdeorras, nos termos recollidos no acordo adoptado polo pleno do Consorcio o 23 de novembro de 2015.

2º.- Remitirlle o presente acordo á Presidencia do Consorcio, para os efectos oportunos.

12º.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE BARBADÁS DE CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DO MUSEO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS DE BARBADÁS.

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (6) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourenzana (2), o seguinte acordo:

1.- Resolver, por mutuo acordo entre as partes, o convenio de cooperación asinado na data 15.07.2010 entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Barbadás de cesión de uso do edificio do Museo de Instrumentos Musicais de Barbadás, extingúndose o dereito real de uso en exclusiva do citado inmovible outorgado a favor da administración provincial e revertendo a favor do Concello, libre de cargas e gravames, a posesión de todo o edificio.

2.- Establecer como data efectiva da resolución do convenio a da sinatura da acta de recepción do inmovible por ambas partes, a cal se producirá unha vez que a Deputación teña executadas as obras de conservación e mantemento indicadas no informe técnico de data 14.03.2016.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

3.- O presente acordo será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (6) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o seguinte acordo:

13º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DO ENTROIDO NA NOSA PROVINCIA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista e o Grupo Popular presentaron emendas a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada na comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“O Entroido chega ata os nosos días pola forza da pervivencia de ancestrais ritos e arraizadas crenzas, das que a orixe se perde na noite dos tempos, e pola idiosincracia do pobo galego, tan apegado ao seu. Isto propicia á vez que se conserve senón na súa pureza xenuína, si con poucas alteracións no que toca a aspectos non esenciais.

O Entroido Ourensán constitúe un ben cultural legado en condicións óptimas para a súa perpetuación. Non obstante esta circunstancia non se da do mesmo xeito na totalidade da xeografía provincial, xa que en gran parte da mesma deixouse de celebrar, ao ser fortemente censurado e prohibido dende a guerra civil do 36 e durante a ditadura franquista ata chegados os anos sesenta, nos que se vai recuperando paseniñamente nas zonas onde tiña máis longa tradición. Nembargantes, e malia a prohibición o pobo seguía conmemorando a festa aínda que sabía que corría grave risco de ser multado, ou algo moito peor, cuestión que resultou determinante para que non se perdera. Ourense é moito máis que o triángulo máxico: Laza, Xinzo e Verín. Cada recuncho de cada concello ten unha expresión cultural propia que, en moitos casos, corre o risco de perderse, ao non quedar xente nos lugares, aínda que nos últimos anos, o enorme esforzo de moitos veciños e veciñas, que se negan a ver como se esvaen unha parte das súas tradicións está a provocar a súa recuperación e revitalización. A Provincia de Ourense é un ronsel de entroidos: as "Pantallas" de Xinzo, os "Peliquireiros" e "Cigarróns" de Laza e de Verín, a "Morena" de Laza, os "Fachóns e bodegas" de Oímbra, as "Tamborradas" e a "Mula" de Viana, os "Folións" e "Boteiros e Danzarís" de Vilariño, "Boteiros" de Viana, a "Mázcara" de Manzaneda, os "vellaróns" do Riós, os "Vergalleiros" de Sarreaus, os "Zarramalleiros" de Cualedro, os "Troteiros" de Bande, os "Cabreiros" de Muíños, "Os galos" de San Pedro da Mezquita, as "Madamas e galáns" de Froxás das Viñas, as "Charrúas" de Allariz, os "Murrieros" da Teixeira, o "Oso" o "Touro" e o "Xigante" do Bolo, as "Bonitas" e as "Abutardas" de Sande, as "Gárgolas" de Celanova, as "Mascaradas e Garabás" de Maside, os "Bobos e Paiasos" de Beariz, os "Felos", "Rodos e Corozas" de Boborás, os "Irrios" de Castro Caldelas, os "Borralleiros" de Cortegada, a "Vacaloura" de O Barco de Valdeorras, os "Galáns e Madamitas" de Entrimo, os "Labardeiros" e

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|--|

*"Señoritas" de Mugares, a "Pita" das Eiroás, o "Farrampán" de Pentes, o "Peloto" do Tameirón, a "Paquita e o Nicanor" de Seixalbo", os Fargalleiros ou Zamarreiros" da zona que marxea co Bierzo.....ademáis dos "carnavales urbáns", etcétera. O Entroido non é so troula e divertimento. A relevancia económica é cada vez maior. Constitúe unha actividade de primeira orde, capaz de xerar emprego, modernizar as infraestruturas, impulsar outras actividades produtivas, e revalorizar os recursos autóctonos. É unha fonte de ingresos para os concellos, ao atraer a moitas persoas, xerando importantes beneficios económicos. Como expresión cultural é un dos principais motores de desenvolvemento económico da nosa Provincia. Non é novo o cuestionamento do BNG a respecto da existencia do INORDE, por consideralo un instrumento inservíbel para a finalidade para a que foi creada, que non é outra que contribuír ao desenvolvemento económico dunha provincia cada vez máis deprimida. Nin agora o organismo autónomo, nin antes o Padroado Provincial de Turismo, finiquitado por este goberno, logo de telo pedido o BNG por activa e por pasiva, fixeron o posíbel para pór en valor este elemento tan senlleiro da nosa identidade. Para o BNG, a singularidade do Entroido, polas razón expostas anteriormente, merece un tratamento singular, que sobarde á que actualmente ten implementada a deputación, a través do plan estratéxico de subvencións, que se dedica de forma xenérica para actividades culturais. Por todo o anterior exposto, o grupo provincial do BNG solicita a adopción, por parte do pleno da corporación do seguinte **ACORDO: 1.- Crear unha páxina separada, dedicada monotematicamente ao Entroido, cun dominio específico, que recolla toda a información sobre a festa. 2.- Implementar, nos orzamentos da deputación para 2017, unha liña específica de subvencións para as asociacións da provincia que contribúan a recuperación e revitalización deste elemento senlleiro da nosa tradición"**.*

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), do BNG (1) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Popular (13).

A continuación somete a votación a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), do BNG (1) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), do BNG (1) e de

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

Democracia Ourensana (2) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que o INORDE, tal e como establece o Plan Provincial de Turismo Cultural que forma parte de OURENSE 15-19, continúe fortalecendo o ENTROIDO como sinal de identidade provincial, coordinando accións de promoción con aqueles de maior tradición etnográfica.

14.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á SITUACIÓN ACTUAL E FUTURA DA BASE MILITAR DE AERONAVES NON TRIPULADAS DE TRASMIRAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Ojea Bouzo para que defenda o contido da moción, trala ratificación da súa inclusión na orde do día.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

“La industria aeronáutica en Galicia está de plena actualidad, especialmente con la reciente resolución del concurso público para la ejecución del polo industrial y tecnológico de desarrollo de aeronaves no tripuladas civiles en el aeródromo de As Rozas (Lugo). Dicho proyecto es, según palabras textuales del actual presidente de la Xunta de Galicia, «el proyecto estratégico más importante en décadas de la Xunta en la provincia de Lugo».

El futuro centro de drones de As Rozas recibe una inversión de 40 millones por parte de la Xunta de Galicia y de 75 millones por parte de las empresas privadas, con una creación estimada de unos 600 puestos de trabajo, entre empleo directo e indirecto. Además, las empresas privadas han expresado su intención de contratar a su vez a 18 compañías, 3 universidades y 11 centros de conocimiento con domicilio fiscal en la comunidad, lo cual es una gran noticia para el sector gallego y sitúa a Lugo como uno de sus referentes. En otras circunstancias no cabría más que alegrarse por la inversión recibida por la provincia vecina, de no ser porque la pugna para conseguir dicha inversión fue con el municipio ourensano de Trasmiras, cuyos intereses por albergar el proyecto nunca fueron defendidos por esta institución provincial ni por sus representantes, dejando nuevamente a Ourense como la provincia olvidada en lo que a inversión pública se refiere. En el año 2012 se hace público que el municipio de Trasmiras lleva años siendo objeto de estudio por empresas aeroespaciales estadounidenses para la ubicación de un centro de drones en sustitución de otro centro localizado en Italia, por la idónea situación libre de tráfico aéreo del municipio. Posteriormente el Ministerio de Defensa informaba de la paralización de este proyecto al no reubicarse la base italiana, pero el interés e idoneidad de Ourense para albergar una base de aviones no tripulados queda demostrada desde entonces. En Agosto de 2015, Trasmiras se sitúa de nuevo como futura base de drones al ser el posible

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

*destino de cuatro drones adquiridos por España, en un proyecto que conllevaría la creación de una base militar, la cual estaría operativa antes de la llegada del primero de los aparatos en 2017. En la actualidad, este proyecto se encuentra a la espera de la presión política necesaria para su ejecución, pues cuenta con el informe favorable de los expertos que llevan años avalando y demostrando su interés en la zona. Ante esta situación no queda más que preguntarse el porqué de la falta de defensa de los intereses y ausencia de promoción de Trasmiras como base para albergar el ambicioso proyecto que finalmente se ha dejado escapar a la provincia vecina, teniendo en cuenta la demostrada idoneidad y la futura sinergia que la industria aeronáutica tendría con la implantación de la Ingeniería Aeronáutica en el Campus de Ourense. Por otro lado, el futuro de Trasmiras como base de aeronaves no tripuladas sigue en el aire, sin que se conozca las intenciones y/o actuaciones del ente provincial al respecto del presente proyecto de corte militar. **PROPUESTA:** 1. Exigir el compromiso por la defensa activa de los intereses de la provincia de Ourense por la Corporación Provincial y sus representantes, para que situaciones como la aquí expuesta, que ahondan en la discriminación en cuanto a desarrollo de la provincia de Ourense, no vuelvan a repetirse. 2. Reclamar de la Diputación Provincial y de su Presidente la recabación y puesta a disposición de los grupos políticos de toda la información acerca del estado actual y futuro de la base de Trasmiras, así como de las negociaciones y actuaciones del ente provincial en lo que a este proyecto se refiere.*

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (6) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Popular (12).

15º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron dúas mocións unha do Grupo Socialista e outra do BNG.

15ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REDE VIARIA PROVINCIAL DANADA POLAS OBRAS DE ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA

Trala declaración previa da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que expoña o contido da moción.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|--|

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

*“A rede viaria provincial da que é titular a Deputación de Ourense forma unha rede fundamental na estrutura de comunicación dos concellos e parroquias da nosa provincia. Nun territorio de natureza rural, con moitas entidades de poboación, é imprescindible manter unhas condicións adecuadas destas infraestruturas para permitir a nosa vida económica e unhas mínimas oportunidades de desenvolvemento. A rede viaria provincial que conta con 262 estradas e 1.842 km de recorrido supón unha das principais obrigas que ten que atender esta institución: manter nas condicións axeitadas de seguridade e actualizar estas estradas a novas demandas e necesidades é unha obriga que esta Deputación non atende satisfactoriamente. Con frecuencia moitas actuacións de melloras no trazado eliminando curvas ou ancheando a vía quedan sen rematar por anos. A execución das obras da alta velocidade ferroviaria afecta a moitas das estradas desta rede viaria provincial que ten que ser utilizada polas empresas construtoras. Esta utilización masiva de vehículos pesados e outra maquinaria está estragando estas infraestruturas e priva a veciños e empresas das poboacións afectadas de condicións axeitadas de seguridade para a vida nas comarcas afectadas. O estado de uso adecuado destas vías provinciais de forma permanente ten que estar garantido mentres se desenvolvan os traballos polas empresas. Ademais deben tomarse medidas para evitar o risco de que as empresas unha vez rematadas as obras non realicen as reparacións que proceda esixir, tal como se deixou entrever en días pasados. Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate polo Pleno e aprobación a seguinte, **proposta de acordo**: A Deputación Provincial de Ourense insta ó Ministerio de Fomento: 1.- A que tome todas as medidas para que as estradas da Rede Viaria Provincial se manteñan nas condicións adecuadas de uso e seguridade mentres duren as obras de construción da alta velocidade ferroviaria. 2.- A que unha vez se vaia deixando de traballar nos diferentes tramos se vaian executando as melloras nas estradas utilizadas polas empresas construtoras conforme ós requirimentos feitos polos servizos técnicos desta institución. 3.- A que se poña en marcha unha Comisión Técnica de seguimento do estado e actuacións a levar a cabo na rede viaria provincial afectada con representantes do Ministerio de Fomento e da Deputación Provincial. 4.- A que se teñan en conta as mesmas medidas polo que respecta a Rede Viaria Local dos diferentes concellos afectados”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 15ºA da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto A](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Popular.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

15ºB.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA IMPLANTACIÓN DA LIÑA FRÍA NA ÁREA SANITARIA DE OURENSE.

Trala declaración previa da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“Segundo as informacións das que dispomos, parece que de forma inminente, vaise producir o desmantelamento do servizo de cociña existente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para substituílo polo modelo chamado de “liña fría”. Este modelo que se implantou xa no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo supón a privatización deste servizo e o conseguinte deterioro da calidade do servizo. Son moitas as evidencias do fracaso deste modelo que ten provocado numerosas queixas dos e das usuarias e do persoal sanitario. Desde a súa implantación téñense producido numerosas deficiencias: pratos que chegan fríos aos e ás pacientes, a súa escaseza ou incluso que non se adecúen ás prescricións de dieta realizada polo persoal facultativo. Este modelo que xa foi ensaiado noutros lugares ten evidenciado o seu fracaso non só pola perda da calidade da alimentación senón que mesmo porque resulta máis caro para o erario público, de aí que en moitos casos, fora de Galiza, se estea revertendo cara o modelo de cociña convencional. Ademais de ser un claro exemplo de privatización e de beneficio privado en detrimento da calidade do servizo e dos dereitos dos e das usuarias tamén ten consecuencias laborais para o persoal que actualmente se ocupa destas tarefas descoñecen cal vai ser a súa situación no futuro. Por todo o anterior exposto, solicitamos adopción, por parte do Pleno do seguinte acordo: O Pleno da deputación insta ao Goberno Galego a reconsiderar a súa decisión de establecer o modelo de “liña fría” para o servizo de comidas nos hospitais públicos da provincia de Ourense, polo deterioro na calidade que representa e o menoscabo na alimentación dos e das pacientes, pedindo que se manteña o servizo de cociña nas condicións de prestación actuais. Igualmente que se garantan os postos de traballo e os dereitos do persoal que actualmente presta os seus servizos nese cometido.”

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 15ºB da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto B](#)

Non se producen máis intervención e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6) e do BNG (1), a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra dos deputados/as presentes do Grupo Popular (13).

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

16º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2015.-

Dáse conta do seguinte Decreto da Presidencia:

“En uso das atribucións conferidas polos artigos 191.3 e 192.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, unha vez visto o preceptivo informe de Intervención, e a proposta da Presidencia do Organismo Autónomo, ACORDO:

1º.- Aproba-la liquidación do orzamento xeral de 2015 da Excm. Deputación Provincial, cos seguintes resumos e magnitudes principais a fin de exercicio:

| | |
|---|------------------------|
| a) Entidade local | |
| ORZAMENTO DE GASTOS | |
| Créditos orzamentarios iniciais | 75.707.000,00 € |
| Créditos orzamentarios definitivos | 102.921.527,99 € |
| Obrigas recoñecidas netas | 76.606.504,78 € |
| Obrigas pendentes de pagamento | 9.015.854,46 € |
| ORZAMENTO DE INGRESOS | |
| Previsións iniciais | 75.707.000,00 € |
| Previsións definitivas | 102.921.527,99 € |
| Dereitos recoñecidos netos | 79.475.581,55 € |
| Dereitos pendentes de cobro | 4.705.492,59 € |
| RESULTADO ORZAMENTARIO | |
| Dereitos recoñecidos netos (+) | 79.475.581,55 € |
| Obrigas recoñecidas netas (-) | 76.606.504,78 € |
| Resultado orzamentario | 2.869.076,77 € |
| Gastos financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais (+) | 16.324.919,06 € |
| Desviacións de financiamento negativas (+) | 186.125,20 € |
| Desviacións de financiamento positivas (-) | 1.046.218,13 € |
| Resultado orzamentario axustado | 18.333.902,90 € |
| REMANENTE DE TESOURERÍA | |
| Fondos líquidos (+) | 32.294.321,21 € |
| Dereitos pendentes de cobro (+) | 10.590.378,38 € |
| Obrigas pendentes de pagamento (-) | 11.367.216,54 € |
| Remanente de Tesourería total | 31.517.483,05 € |
| Saldo de dubidoso cobro | 3.751.651,54 € |
| Exceso de financiamento afectado | 1.039.089,14 € |
| Remanente de Tesourería para gastos xerais | 26.726.742,37 € |
| b) Inorde | |
| ORZAMENTO DE GASTOS | |
| Créditos orzamentarios iniciais | 3.118.606,00 € |

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

| | |
|--|---------------------|
| Créditos orzamentarios definitivos | 3.607.375,04 € |
| Obrigas recoñecidas netas | 1.918.902,12 € |
| Obrigas pendentes de pagamento | 370.999,03 € |
| ORZAMENTO DE INGRESOS | |
| Previsións iniciais | 3.118.606,00 € |
| Previsións definitivas | 3.607.375,04 € |
| Dereitos recoñecidos netos | 2.298.972,48 € |
| Dereitos pendentes de cobro | 771.505,83 € |
| RESULTADO ORZAMENTARIO | |
| Dereitos recoñecidos netos (+) | 2.298.972,48 € |
| Obrigas recoñecidas netas (-) | 1.918.902,12 € |
| Resultado orzamentario | 380.070,36 € |
| Gastos financiados con remanente de Tesourería (+) | 0,00 € |
| Desviacións de financiamento negativas (+) | 119.902,06 € |
| Desviacións de financiamento positivas(-) | 46.810,66 € |
| Resultado orzamentario axustado | 453.161,76 € |
| REMANENTE DE TESOURERÍA | |
| Fondos líquidos (+) | 241.770,11 € |
| Dereitos pendentes de cobro (+) | 879.405,53€ |
| Obrigas pendentes de pagamento (-) | 501.046,49 € |
| Remanente de Tesourería | 620.129,15 € |
| Saldos de dubidoso cobro | 22.948,34 € |
| Exceso de financiación afectada | 11.769,63 € |
| R.T. para gastos xerais | 585.411,18 |
| | |

2º.- Que se lle dea conta ó Pleno provincial de acordo cos artigos 193.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2002, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990”.

A Corporación queda informada.

17º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de febreiro de 2016 e 1º adicional de xaneiro de 2016
- Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2016 e 3º adicional de outubro

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

3º de novembro e 2º de decembro de 2015 e 1º de xaneiro de 2016.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2016.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2016.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, anuncia que ten dúas preguntas, a primeira está relacionada con que na páxina web de CERLAC, centro de adestramento de remo de Laias, Arnoia e Castrelo de Miño (por certo o seu nome no rexistro é CERLA, e dicir, omite ao concello de Castrelo, que é un dos concellos do Estado que conta cunha pista con categoría olímpica e conta cunha pista de regatas de 2.000 m con 6 calles) e chámanlles poderosamente a atención 2 cousas: a primeira é que este centro estea dirixido por unha persoa que foi presidente da Federación Portuguesa de Remo e que ten como méritos exportar un modelo de negocio a Ourense que xa puxera en marcha o seu substituto á fronte da Presidencia da Federación Portuguesa de Remo, Luis Teixeira, e un cúmulo de irregularidades na xestión á fronte da presidencia da federación de remo, deixando un burato de máis de 1,4 millóns de euros e que está a ser investigada polas autoridades xudiciais de Portugal, razón pola cal tivo que dimitir, personaxe que, ademais, se dedica a insultar ao alcalde de Castrelo a través das redes sociais. A segunda é que na páxina do CERLA non sendo un club, nin unha asociación, nin unha empresa, senón simplemente unha marca comercial de Caldaria, que si é unha empresa, dependente da Fundación San Rosendo, aparezan os logos de Deputación e INORDE. Por todo o anterior quere preguntar o seguinte: cómo colabora a Deputación con Caldaria, que á postre é a posuidora da marca, e a cuxo nome está rexistrada? En qué se concreta a colaboración tratándose dunha empresa privada? Quen xestiona as estadias dos equipos e quen factura? Qué se lles cobra aos equipos, ademais de aloxamento? Cóbranselles alugueiros de embarcacións e pistas de remo? Quen contrata ás persoas que están traballando na actualidade?

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, en segundo lugar di que imaxinan que despois das denuncias efectuadas polo BNG, indagarían a respecto do desmantelamento do parque biosausábel de Boborás, polo que pregunta se se iniciou, ou teñen pensado facelo en breve, o expediente de reintegro da subvención por parte do Concello.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2016 |
|---|

O **Sr. presidente** responde que lle contestará por escrito.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, quere facer un rogo que xa foi feito polo Grupo Socialista no pasado Pleno, e é que as actas se pasen tamén en papel. O seu grupo entende que a vídeo acta é totalmente legal, pero tamén entenden que o formato papel é máis practicable e manexable. Pensaron que unha que o Grupo Socialista fixo esa demanda se ía levar a cabo, por iso se suman ao rogo do Grupo Socialista e rogan que as actas tamén se fagan en papel.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana, pide que se le pasen con detalle os gastos da viaxe do presidente a Nova York (clase do voo e características do hotel)

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non vai formular ningún rogo nin ningunha pregunta nova, pero quere manifestar que o Sr. presidente non contestou por escrito a ningunha pregunta das que lle levan feito nos últimos meses, ás que sistematicamente responde que vai contestar por escrito. Parécelle unha falta de respecto e pregúntalle ao Sr. presidente se pensa contestar algunha vez por escrito ao que se lle pregunta. Pensa que está incumprindo as súas funcións, polo que anuncia que lle van pedir a Secretaría que informe sobre este incumprimento de funcións.

O **Sr. presidente** contesta que toma nota.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo oitavo da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace [ver punto décimo oitavo](#)

E, ás 15.10 horas do día vinte e oito de marzo do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,